

MÉTODO AGROECOLÓGICO CULTIVO BIOINTENSIVO

Cultiva **OS**
teus alimentos
ecológicos
e alimenta
à terra



Amigos
da Terra



O cultivo biointensivo, unha técnica agrocolóxica

O Cultivo Biointensivo é un método agrocolóxico sustentable enfocado ao autoconsumo e á comercialización a pequena escala. Mentres respecta a natureza, **pode chegar a obter o dobre de colleita** que a agricultura convencional en moi pouco espazo, cun consumo de auga reducida e case sen depender de ningún recurso externo.

A técnica realízase con ferramentas sinxelas e baséase en principios que poden adaptarse a calquera clima. O resultado é un **cultivo agrocolóxico** que produce os alimentos necesarios para unha dieta completa e nutritiva á vez que reconstrúe e **mellora a fertilidade do chan.**



A agroecoloxía para avanzar cara á soberanía alimentaria

Desde Amigos da Terra defendemos os principios da agroecoloxía como motor de cambio, onde a poboación teña a capacidade de decidir sobre a súa alimentación, e teña acceso a unha dieta saudable e respectuosa coa contorna.

Vantaxes do cultivo biointensivo

O Cultivo Biointensivo mellora a fertilidade do chan ata 60 veces máis rápido que a natureza e caracterízase por non usar agroquímicos (pesticidas, herbicidas) ou combustibles fósiles. Ademais en comparación coa agricultura convencional:

- Reduce o uso de auga un 77%
- Reduce a cantidade de fertilizantes a aplicar nun 50%
- Aumenta a produción de alimentos un 250%
- Aumenta a fertilidade do chan un 100%
- Reduce a enerxía empregada un 96%





Cultiva os teus alimentos e loita contra a crise climática

A degradación da terra debido aos usos agrícolas intensivos e ao cambio climático socava a súa produtividade, limita os tipos de cultivos e mingua a capacidade do chan para absorber carbono. De feito, o **70% dos nosos chans están en proceso de desertificación**, e sofren dunha gran falta de carbono orgánico.

O método biointensivo **é un aliado fronte á crise climática**, pero tamén ante os grandes problemas ambientais que ameazan á poboación mundial, desde a contaminación e a destrución ambiental até o esgotamento recursos naturais. Permite diminuír o uso de auga e de achegas externas, así como rexenerar o chan á vez que incrementa os rendementos por superficie de cultivo.

Acompañando ás persoas que coidan a terra

Desde a asociación estamos a realizar **talleres e asesorando** sobre o método biointensivo tanto ás persoas que queiran iniciarse na produción agroecolóxica, como a aquelas experimentadas que queren aprender novos métodos de traballo.

Pomos en marcha este método con produtoras e produtores en catro rexións de España (Madrid, Galicia, Aragón e Baleares), **acompañándoas en aspectos técnicos** que combinen a produción de alimentos coa rexeneración do chan, grazas á variedade, rotación e asociación de cultivos, utilizando sementes autóctonas, e ao uso de compost producido na propia horta.





Somos unha asociación ecoloxista sen ánimo de lucro coa misión de fomentar un cambio local e global cara a unha sociedade respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

Defendemos unha agricultura sustentable baseada en técnicas agroecolóxicas que garanta unha alimentación segura, sa, nutritiva e de calidade, baseada en métodos responsables de produción. Promovemos a protección ambiental, a conservación dos recursos naturais e o respecto polos dereitos humanos.

En definitiva, loitamos pola soberanía alimentaria.

Si quieres saber máis, contacta:
soberania.alimentaria@tierra.org | tierra.org | 91 306 9900

Esta publicación se ha realizado con el apoyo del Ministerio para la Transición ecológica a través de la Fundación Biodiversidad y a través de su convocatoria para actividades de investigación medioambiental:

